

---

# UN MONSTRO VÉN A VERME

Texto de **PATRICK NESS**

Idea orixinal de **SIOBHAN DOWD**

Tradución ao galego de **XESÚS FRAGA**

Imaxe de portada de **JIM KAY**

---

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 148 páx. 13 €.

ISBN 978-84-16721-56-6. Narrativa. Faktoría K.

PREMIO THE RED HOUSE

PREMIO NATIONAL GALAXY

MEDALLA CARNEGIE AO MÉRITO LITERARIO

MEDALLA KATE GREENAWAY AO MÉRITO ARTÍSTICO

*Fora un soño. Que outra cousa podía ser?*

*Cando abrira os ollos pola mañá, o primeiro que vira*

*fora a xanela. Seguía alí, claro, intacta, sen un enorme burato*

*cara ao xardín. Claro que si. Só un bebé crería que sucedera*

*de verdade. Só un bebé podería crer que unha árbore*

*–en serio, unha árbore– viñera andando polo outeiro abaixo*

*e atacara a casa...*


Conor tiña o mesmo pesadelo todas as noites desde que a súa nai enfermara gravemente. Pero algo distinto sucedeu unha madrugada ao espertar e atopar un monstro na súa ventá. Era moi antigo, moi vello, e viña con toda a forza da natureza reclamando algo moi importante: o segredo máis oculto de Conor. O rapaz -malia estar asustado ante dureza coa que se lle presenta a vida: a doenza da nai, a difícil relación coa avoa, a longa distancia que o separa do pai, os problemas na escola- ten que asumir a verdade, a súa realidade.

«Un monstro vén a verme» é unha extraordinaria e exitosa novela sobre o amor, a perda e a esperanza. A partir da idea orixinal da escritora norirlandesa Siobhan Dowd, que en 2007 perdeulle a batalla ao cancro, Patrick Ness tece unha historia emocionante, divertida e conmovedora na que o valor pode superar a dor. O seu tratamento da enfermidade e da morte non é frívolo, enganoso nin edulcorado, senón auténtico, contundente e audaz.

Unha narración sinxela pero profunda, con moitas capas, que sacude e non deixa indiferente, invitando á reflexión.



[Fotograma do filme «[Un monstruo viene a verme](#)», de Juan A. Bayona]



---

■ **Temática:** o amor, a perda, a esperanza.

■ **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.

■ **Aspectos destacables:** enfermidade; familia; adolescencia; crecemento, madurez; adaptación cinematográfica dirixida por Juan Antonio Bayona.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-monstro-ven-a-verme-g>

---

## Patrick Ness

(Estados Unidos, 1971)

Estudou Literatura Inglesa na Universidade do Sur de California. Dende 1999 reside no Reino Unido. Impartiu clases de escrita creativa na Universidade de Oxford e traballou como escritor e corrector para varios xornais. Ten publicadas varias novelas para público xuvenil e adulto. Gañou en dúas ocasións a Medalla Carnegie, ademais do Premio Guardian de narrativa infantil e o Booktrust de narrativa xuvenil. Conseguiu o recoñecemento da crítica pola súa triloxía xuvenil «Chaos walking».

<http://www.patrickness.com>

## Xesús Fraga

(Londres, 1971)

Estudou xornalismo na Universidade de Salamanca e traballa na sección de Cultura de La Voz de Galicia, ademais das súas facetas como escritor e tradutor. Como autor publicou varios libros para lectores mozos e adultos. Traduciu ao galego obras de Julian Barnes e Nabokov; por «[Lolita](#)» (FAKTORÍA K) recibiu o Premio Lois Tobío 2008 de Tradución (Asociación Galega de Editoras). Tamén recibiu os premios Rubia-Barcia, Raíña Lupa, Frei Martín Sarmiento e Blanco Amor de Novela 2019.